

Informe da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación relativo á transparencia no sector público autonómico de Galicia

Ano 2023

MARCO NORMATIVO

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno dispón no seu artigo 5.2 que a Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación que analizará e expoñerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública, con inclusión do número de solicitudes presentadas e das porcentaxes dos distintos tipos de resolución a que deron lugar.
- b) Os datos sobre a información máis consultada no Portal de transparencia e goberno aberto e sobre a máis solicitada a través do exercicio do dereito de acceso.

O artigo 35.2 da citada Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que a Xunta de Galicia, a través da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación prevista no artigo 31 desta lei, remitirá ao Valedor do Pobo o informe referido no artigo 5. Así pois, constitúe o obxecto deste informe dar a coñecer o balance global anual relativo ás estatísticas relativas ás visitas ao Portal de transparencia e goberno aberto como respecto da tramitación das solicitudes de acceso á información pública relativas ao funcionamento do sector público autonómico correspondente ao ano 2023.

O presente informe, aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación na súa reunión do 17 de xullo de 2024, será remitido á institución do Valedor do Pobo e estará a disposición da cidadanía no Portal de transparencia e goberno aberto no seguinte enderezo web: <http://transparencia.xunta.gal/portada>

PORTAL DE TRANSPARENCIA E GOBERNO ABERTO

Con data do 7 de marzo de 2016 entrou en vigor a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co obxectivo fundamental de facilitar á cidadanía unha maior cantidade de información da que dispoñían e máis da que establece a lexislación básica estatal. Deste xeito, Galicia converteuse na comunidade autónoma do conxunto do Estado español que máis obrigas asumiu a través da súa propia normativa autonómica.


Coincidindo coa entrada en vigor da nova lei, púxose en funcionamento o Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, co obxecto de dar cumprimento, entre outras, ás obrigas de publicidade activa previstas na normativa en materia de transparencia.

Desde a súa apertura o 7 de marzo de 2016, e ata o 31 de decembro de 2023, 1.160.376 usuarios visitaron o Portal realizando un total de **1.864.265 visitas**, nas cales foron **consultadas 5.001.147 páxinas**. Por tanto, en cada consulta, **visitouse unha media de 2,68 páxinas**.


O Portal de transparencia e goberno aberto contén máis de 2.505 páxinas web en que se poden visualizar máis de 7.860 documentos. As páxinas máis visitadas foron:

TÍTULO DA PÁXINA	NÚMERO DE VISITAS A PÁXINAS
Normativa en tramitación (nos seus diferentes apartados/fases):	296.655
- En prazo de envío de suxestións	112.855
- Pendente de aprobación	86.372
- Aprobada e publicada no DOG	52.551
- Consultas abertas	44.877
Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19	266.871
Contías das retribucións do persoal	192.730
Altos cargos da Administración xeral	187.734

TÍTULO DA PÁXINA	NÚMERO DE VISITAS A PÁXINAS
Axenda institucional de altos cargos	151.263
Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa	64.749
Organigramas	61.925
Composición do goberno	48.771
Contratación pública	47.070
Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico	42.827
Contratos menores	38.475
Listas de selección de persoal interino ou temporal	30.793
Ofertas públicas de emprego	30.076



En relación cos dispositivos desde os cales se accede aos contidos do Portal, cómpre destacar que o deseño *responsive* do Portal é compatible coa navegación desde dispositivos móbiles, tal e como amosa a seguinte gráfica:



Ademais, e canto á accesibilidade, os contidos do portal poden ser interpretados por un sistema de lectura de voz de contido.

Evolución do número de visitas no período 2016-2023:

DATOS VISITAS PORTAL DE TRANSPARENCIA E GOBERNO ABERTO	NÚMERO								
	2016 ⁽¹⁾	2017 ⁽²⁾	2018 ⁽³⁾	2019 ⁽⁴⁾	2020 ⁽⁵⁾	2021 ⁽⁶⁾	2022 ⁽⁷⁾	2023 ⁽⁸⁾	TOTAL
Visitas	65.666	107.871	132.028	165.461	319.561	344.584	304.556	424.538	1.864.265
Páxinas vistas	383.318	402.104	468.418	527.873	762.517	804.023	742.266	910.558	5.001.147

(1) Datos do período comprendido entre o 7 de marzo de 2016 e o 31 de decembro de 2016.

(2) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017.

(3) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018.

(4) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2019.


(5) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2020.


(6) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021.

(7) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

(8) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

O número medio de visitas ao mes no ano 2016 foi de 5.472; no ano 2017, 8.989; no ano 2018, 11.002; no ano 2019, 13.788; no ano 2020, 26.630, no ano 2021 o número medio de visitas ao mes foi de 28.715; no ano 2022 o número medio de visitas ao mes foi de 25.380 e no ano 2023 o número medio de visitas ao mes foi de 35.378 o que supón un aumento de case o 40% (concretamente o 39,40%) con respecto ao número medio de visitas do ano anterior, converténdose este ano no de maior número de visitas ao Portal dende a súa creación.





Comparativa das páxinas máis vistas no período 2016-2023

COMPARATIVA PÁXINAS MÁIS VISTAS NO PERÍODO 2016-2023	NÚMERO DE VISITAS								
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL
Normativa en tramitación (nos seus diferentes apartados/fases):	13.287	28.850	37.395	48.291	35.231	41.759	41.501	50.341	296.655
- En prazo de envío de suxestións	11.101	13.221	13.597	23.546	12.247	14.382	16.388	19.474	112.855
- Pendente de aprobación	9.404	11.219	13.285	13.272	8.650	9.475	9.682	11.385	86.372
- Aprobada e publicada no DOG	3.883	4.410	4.999	4.923	9.356	10.697	6.437	7.846	52.551
- Consulta pública previa*			5.514	6.550	4.978	7.205	8.994	11.636	44.877
Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19	---	---	---	---	119.819	119.238	24.911	2.903	266.871
Contías das retribucións do persoal	7.416	7.394	17.365	26.698	18.727	30.106	36.059	48.965	192.730
Altos cargos da Administración xeral	17.592	15.726	17.842	18.771	31.764	27.746	27.931	30.902	187.734
Axenda institucional de altos cargos	6.710	11.349	11.381	12.341	16.868	26.125	34.616	31.873	151.263
Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa	7.861	5.226	5.570	5.759	10.962	9.487	9.822	10.062	64.749
Organigramas	1.075	1.581	4.652	7.589	10.997	11.670	11.778	12.583	61.925
Composición do goberno	2.400	2.036	3.084	2.928	8.280	7.131	11.912	11.000	48.771
Contratación pública	7.387	4.442	6.259	5.364	6.412	7.056	6.481	3.669	47.070
Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico	5.000	6.829	5.075	4.790	3.614	7.389	5.167	4.963	42.827
Contratos menores	---	---	---	---	21.443	6.343	5.214	5.475	38.475
Listas de selección de persoal interino ou temporal	1.310	1.594	1.911	2.101	1.641	1.887	3.437	16.912	30.793
Ofertas públicas de emprego	2.828	3.536	4.245	4.367	4.129	4.337	2.825	3.809	30.076

(*) A consulta pública previa, no procedemento de elaboración de normativa, é un trámite posto en funcionamento a través do Portal de transparencia e goberno aberto en maio de 2017.

Dunha análise comparativa da evolución das visitas ao Portal de transparencia e goberno aberto, no período 2016-2023 é de salientar o seguinte:

A páxina *Normativa en tramitación* foi a máis visitada do Portal no ano 2023 (50.341 visitas); tendo en conta as procuras realizadas nas distintas fases, *En*

prazo de envío e suxestións (19.474), Pendente de aprobación (11.385), Aprobada e publicada no DOG (7.846) e Consulta pública previa (11.636). As visitas a esta páxina incrementáronse un 21,30% con respecto ás visitas do ano 2022; ademais, esta páxina foi a máis visitada no período 2016-2023.

A segunda páxina máis visitada en 2023 foi *Contías das retribucións do persoal* (48.965 visitas). Esta páxina foi a terceira máis visitada no período de referencia 2016-2023.

A terceira páxina con máis visitas en 2023 foi *Axenda institucional dos altos cargos* (31.873 visitas); esta páxina foi a quinta con máis visitas no período de referencia 2016-2023.

Aumenta en 2023 con respecto a 2022 o número de visitas ás páxinas *Normativa en tramitación; Contías das retribucións do persoal; Altos cargos da administración xeral; Xefes/as de gabinete e de prensa; Organigramas; Contratos menores; Listas de selección de persoal interino ou temporal e Ofertas públicas de emprego.*

Diminúe en 2023 con respecto a 2022 o número de visitas ás páxinas *Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19; Axenda institucional dos altos cargos; Composición do goberno; Contratación pública e Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico.*

No ano 2023 incorporouse ao Portal de transparencia e goberno aberto un novo apartado/páxina:

A comezos do 2023 incorporouse, dentro do apartado *Orzamentos da comunidade autónoma*, unha nova páxina na que se pode consultar o *Orzamento cidadán*; un instrumento de transparencia para achegar á cidadanía o orzamento da Comunidade Autónoma cunha linguaxe clara, sinxela e accesible, facilitando así a súa comprensión por parte de todas as persoas.


SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Con respecto ás peticións de acceso á información pública, desde o 10 de decembro de 2015, data da entrada en vigor da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ata o 31 de decembro de 2023 recibíronse un total de 6.571 solicitudes de acceso á información pública: 233 no ano 2016, 796 no ano 2017, 723 no ano 2018, 746 no ano 2019, 1.077 no ano 2020, 1.389 no ano 2021, 842 no ano 2022 e 765 no ano 2023.

Desagregación por departamentos no ano 2023

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS	
	2023	%
Presidencia da Xunta de Galicia	35	4,58 %
Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación	132	17,25 %
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, xustiza e deportes	11	1,44 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, xustiza e deportes	58	7,58 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	20	2,61 %
Consellería de Facenda e Administración Pública	112	14,64 %
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	49	6,41 %
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	34	4,44 %
Consellería de Economía, Industria e Innovación	15	1,96 %
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	87	11,37 %
Consellería de Política Social e Xuventude	21	2,75 %
Consellería de Sanidade	43	5,62 %
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	7	0,92 %
Consellería do Medio Rural	48	6,27 %
Consellería do Mar	93	12,16 %
TOTAL	765	100%

Solicitudes presentadas por departamento. Ano 2023



Desagregación por departamentos no período 2016-2023:

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS									
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL	%
Presidencia da Xunta de Galicia	10	9	9	21	17	21	56	35	178	2,73%
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ⁽¹⁾	33	543	318	131	105	---	---	---	1.130	16,95%
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ⁽²⁾	---	---	---	---	25	91	27	---	143	2,14%
Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ⁽³⁾	---	---	---	---	---	---	168	132	300	4,96%
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁴⁾	---	---	---	---	---	---	---	11	11	0,18%

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ⁽⁵⁾	---	---	---	---	9	154	48	---	211	3,16%
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁶⁾	---	---	---	---	---	---	47	58	105	1,69%
Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ⁽⁷⁾	---	---	---	---	---	---	---	20	20	0,33%
Consellería de Facenda ⁽⁸⁾	10	7	10	15	11	---	---	---	53	0,79%
Consellería de Facenda e Administración Pública ⁽⁹⁾	---	---	---	---	3	35	83	112	233	3,66%
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ⁽¹⁰⁾	11	16	41	144	450	529	55	49	1.295	19,62%
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ⁽¹¹⁾	12	42	59	92	109	178	55	34	581	8,71%
Consellería de Economía, Emprego e Industria ⁽¹²⁾	10	6	33	46	18	---	---	---	113	1,69%
Consellería de Economía, Industria e innovación ⁽¹³⁾	---	---	---	---	---	---	---	15	15	0,24%
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ⁽¹⁴⁾	44	54	21	---	---	---	---	---	119	1,78%
Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ⁽¹⁵⁾	---	---	6	33	30	---	---	---	69	1,03%
Consellería de Cultura e Turismo ⁽¹⁶⁾	---	---	8	56	62	---	---	---	126	1,89%
Consellería de Cultura, Educación e Universidade ⁽¹⁷⁾	---	---	---	---	12	100	25	---	137	2,05%
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ⁽¹⁸⁾	---	---	---	---	---	---	64	87	151	2,58%
Consellería de Emprego e Igualdade ⁽¹⁹⁾	---	---	---	---	4	23	2	---	29	0,43%
Consellería de Política Social e Xuventude ⁽²⁰⁾	---	---	---	---	---	---	16	21	37	0,60%
Consellería de Sanidade	16	12	38	46	59	90	73	43	377	5,68%
Consellería de Política Social	6	5	29	3	21	19	9	---	92	1,38%
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ⁽²¹⁾	---	---	---	---	---	---	5	7	12	0,16%
Consellería do Medio Rural	13	17	62	68	73	74	31	48	386	5,79%
Consellería do Mar	68	85	89	91	69	75	78	93	648	9,73%
TOTAL	233	796	723	746	1077	1.389	842	765	6.571	100%

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza extingüese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.


(2) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo extingüese tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

- (3) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación extínguense tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (4) Nova vicepresidencia tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (5) A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación extínguense tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (6) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes extínguense tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (7) Nova vicepresidencia tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (8) A Consellería de Facenda extínguense tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (9) Nova Consellería tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (10) A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda extínguense tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (11) A antiga Consellería de Infraestruturas e Vivenda pasa a denominarse Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tras a aprobación do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- A partir de 5 de outubro de 2018 a entidade pública empresarial Augas de Galicia se encontra adscrita a esta consellería. Ata esa data tiña adscrito o organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que pasa a depender da nova Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- (12) A Consellería de Economía, Emprego e Industria extínguense tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (13) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (14) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria extínguense para reordenarse en dos novas consellerías tras a aprobación do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (15) Nova consellería tras a aprobación del Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (16) A Consellería de Cultura e Turismo extínguense tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (17) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (18) A Consellería de Cultura, Educación e Universidade cambia de nome tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasa a denominarse Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade.
- (19) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (20) A Consellería de Política Social cambia de nome tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasa a denominarse Consellería de Política Social e Xuventude.
- (21) A Consellería de Emprego e Igualdade cambia de nome tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasa a denominarse Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.


Por departamentos competentes para resolver as solicitudes de información pública, cómpre indicar que en cómputo global do período 2016-2023 o maior número de solicitudes foi recibido na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: 1.295 (19,71%), seguida da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 1.130 (17,20%); Consellería do Mar: 648 (9,86%); Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: 581 (8,84%);

Consellería do Medio Rural: 386 (5,87%); Consellería de Sanidade: 377 (5,74%); Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación: 300 (4,57%); Consellería de Facenda e Administración Pública: 233 (3,55%); Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación: 211 (3,21%); Presidencia da Xunta de Galicia: 178 (2,71%); Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades: 151 (2,30%); Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo: 143 (2,18%); Consellería de Cultura, Educación e Universidade: 137 (2,08%); Consellería de Cultura e Turismo: 126 (1,92%); Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: 119 (1,81%); Consellería de Economía, Emprego e Industria: 113 (1,72%); Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 105 (1,60%); Consellería de Política Social: 92 (1,40%); Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: 69 (1,05%); Consellería de Facenda: 53 (0,81%); Consellería de Política Social e Xuventude: 37 (0,56%); Consellería de Emprego e Igualdade: 29 (0,44%); Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: 20 (0,30%); Consellería de Economía, Industria e Innovación: 15 (0,23%); Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: 12 (0,18%); Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 11 (0,17%).


Evolución global das solicitudes presentadas:




Evolución das solicitudes presentadas por departamentos:




Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza




Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo




Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación




Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes




Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación




Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes




Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda




Consellería de Facenda




Consellería de Facenda e Administración Pública




Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda




Consellería de Infraestruturas e Mobilidade




Consellería de Economía, Emprego e Industria




Consellería de Economía, Industria e Innovación




Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional




Consellería de Cultura e Turismo




Consellería de Cultura, Educación e Universidade




Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades




Consellería de Emprego e Igualdade




Consellería de Política Social e Xuventude




Consellería de Sanidade




Consellería de Política Social




Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade



Consellería do Medio Rural




Consellería do Mar



Forma de presentación:

FORMA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO								
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL
Acceso electrónico	88	626	572	593	965	1.269	610	611	5.334
Acceso en papel	145	170	151	153	112	120	232	154	1.237
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	6.571

Solicitudes segundo a súa forma de presentación




Do total das 6.571 solicitudes cómpre salientar que o 81,17% foron presentadas por medios electrónicos.

En concreto, no ano 2023, das 765 solicitudes recibidas, case o 80% (79,87%) foron presentadas de xeito electrónico polo que se pon de manifesto a clara preferencia da cidadanía pola utilización desta canle nas súas relacións coa Administración.

Segundo a persoa solicitante de información:

PERSONA SOLICITANTE	NÚMERO								TOTAL
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	
Mulleres	45	63	133	139	232	328	233	250	1.423
Homes	133	183	214	291	375	517	339	307	2.359
Persoas xurídicas	55	550	376	316	470	544	270	208	2.789
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	6.571

Solicitudes segundo a persoa solicitante da información




Do total das 6.571 solicitudes preto da metade, o 42,44%, foron presentadas por persoas xurídicas.

En concreto, no ano 2023 as porcentaxes foron as seguintes: mulleres 32,68%, homes 40,13% e persoas xurídicas 27,19%.

Número de resoluciones segundo a súa tipoloxía:

TIPO DE RESOLUCIÓN	NÚMERO								
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL
Concesión	156	707	543	487	590	1.030	425	345	4.283
Concesión parcial	7	9	1	14	20	29	26	99	205
Inadmisión	23	25	25	38	34	55	36	35	271
Denegación	4	10	1	4	11	5	6	7	48
Desistencia	5	9	9	6	8	10	3	10	60
Outras (regulación especial)	3	2	28	29	170	0	25	43	300
TOTAL	198	762	607	578	833	1.129	521	539	5.167



Do total de 6.571 solicitudes presentadas no sector público autonómico de Galicia, 5.167 foron xa resoltas, o que supón case o 80% (78,63%).

En concreto, no ano 2023 foron resoltas 539 das solicitudes presentadas, o que supón máis do 70% das solicitudes (70,46%).

Das solicitudes resoltas, 4.283 foron estimadas permitindo o acceso total á información solicitada.

En 205 supostos resolveuse conceder o acceso de xeito parcial á información, e en 271 supostos o dito acceso foi inadmitido por algún dos seguintes motivos previstos no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro:

- Por referirse a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.
- Por referirse a información que teña carácter auxiliar ou de apoio.
- Relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.
- Dirixidas a un órgano en cuxo poder non conste a información, cando se descoñeza o competente.
- Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Do total de peticións de información, 48 foron desestimadas con base nos motivos previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro:

- A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.
- A igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva.

- Os intereses económicos e comerciais.
- O segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial.
- Protección de datos de carácter persoal.


Canto ás desistencias, un total de 60 solicitantes desistiron das súas peticións de información, 5 no ano 2016, 9 no ano 2017, 9 no ano 2018, 6 no ano 2019, 8 no ano 2020, 10 no ano 2021, 3 no ano 2022 e 10 no ano 2023.

Número de expedientes segundo o seu estado de tramitación:

Canto ao seu estado de tramitación, a situación é a seguinte:

ESTADO DE TRAMITACIÓN	NÚMERO								TOTAL
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	
Expedientes finalizados (resolución expresa)	198	762	607	578	833	1.129	521	539	5.167
Expedientes en tramitación	1	19	82	136	236	256	83	29	842
Expedientes resoltos por silencio administrativo	34	15	34	32	8	4	238	197	562
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	6.571

Expedientes segundo o seu estado de tramitación



Tipo de información solicitada:

A información solicitada é de distinta natureza e pode clasificarse nas seguintes áreas temáticas:

TIPO DE INFORMACIÓN	NÚMERO								
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL
Información institucional, organizativa e de planificación	20	13	28	56	62	66	23	15	268
Información sobre relacións coa cidadanía	1	5	4	6	12	6	36	22	70
Información de relevancia xurídica	30	22	7	7	1	7	11	8	85
Información en materia de persoal	38	22	13	26	27	53	105	128	284
Retribucións de altos cargos	0	1	0	0	1	0	0	0	2
Retribucións de funcionarios	0	0	1	0	0	0	0	0	1
Información económica, estatística e orzamentaria	8	10	31	54	48	81	97	101	329

Información en materia patrimonial	1	17	10	4	6	1	13	9	52
Información en materia de contratación pública	14	21	33	15	13	45	72	61	213
Información sobre convenios	6	10	8	8	6	9	10	7	57
Información sobre encomendas de xestión	0	0	1	1	0	0	1	0	3
Información sobre subvencións e axudas	16	23	72	68	53	52	19	15	303
Información sobre ordenación do territorio e do medio ambiente	44	62	160	266	553	725	277	186	2.087
Información en materia de xogo	0	531	0	70	71	21	0	0	693
Bo Goberno (relativa ás materias do título II Lei 1/2016)	0	0	3	3	1	1	0	0	8
Outra información	55	59	352	162	223	322	178	213	1.351
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	5.806